



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## RESOLUCIÓN DO REITOR

### DELEGACIÓN SOBRE XESTIÓN DE CRÉDITOS E MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS NO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2005

03/01/2005

O orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio de 2005, xunto coas súas bases de execución, aprobáronse polo Consello Social desta universidade con data do 29/12/2004.

Os artigos 36.1 l) e n) e o 112.2 do Decreto 101/2004, do 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, sinalan que "lle compete ao reitor, entre outras, a función de autorizar os gastos e ordenar os pagamentos en execución do orzamento da Universidade", e que "esta función, se é o caso, poderá delegala".

A disposición adicional segunda das Bases de execución do orzamento do exercicio do 2005, refírese, por unha banda, á asignación da xestión de créditos orzamentarios mediante resolución reitoral aos centros de gasto e, por outra banda, que a relación de centros de gasto, que se relaciona no anexo I desta resolución, vixente na data do 01/01/2005 poderase modificar mediante unha nova resolución.

Ao existiren diversos órganos unipersoais con delegación de competencias en diversos ámbitos universitarios (investigación, profesorado, estudantes, etc.), cómpre asignarlles de maneira selectiva a xestión dos créditos que teñan relación coa súa actividade universitaria para un mellor cumprimento das finalidades que se lles encomendan. Por outra banda, ao existir unha descentralización ou desconcentración de determinados créditos orzamentarios procede igualmente asignar a súa xestión para un mellor cumprimento da finalidade que se lles encomenda.

Consonte o anteriormente exposto e de conformidade co que se dispón no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que se modificou pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sobre delegacións de competencias, esta Reitoría

#### **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Delegar a competencia de autorización do gasto, disposición do gasto, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento nos distintos directores de centros de



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

gasto, que posúen un código de centro (CC.) ou subcentros aos cales se lles asignan a xestión de créditos no estado de gastos do orzamento aprobado polo Consello Social con data do 29/12/2004, e que seguidamente se relacionan:

CONSELLO SOCIAL (CC. 9800)

REITOR (CC. 9850)

SECRETARÍA XERAL (CC. 9855)

VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURA E XESTIÓN AMBIENTAL (CC. 9810)

VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA (CC. 9820)

VICERREITORÍA DE CALIDADE E HARMONIZACIÓN EUROPEA (CC. 9830)

VICERREITORÍA DE FERROL E RELACIÓN UNIVERSIDADE - EMPRESA (CC. 9835)

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA (CC. 9840)

VICERREITORÍA DE PROFESORADO (CC. 9860)

VICERREITORÍA DE ESTUDANTES (CC. 9870)

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN (CC. 9880)

VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E COMUNICACIÓN (CC. 9890)

Tamén xestionarán os créditos que, como consecuencia da execución orzamentaria (modificacións orzamentarias), se lles asignaren e os que resultaren do proceso da incorporación de créditos a este exercicio.

**SEGUNDO.-** Delegar a competencia da autorización do gasto, disposición do gasto, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento nos decanos das facultades, directores de centros, directores de departamentos, directores de proxectos e de infraestruturas de investigación, convenios, contratos, axudas, subvencións e cursos, para os cales, figura asignado crédito no orzamento que se aprobou desta Universidade. Así mesmo, naqueles xestores doutros créditos como consecuencia da execución do orzamento de ingresos e gastos, se lles asigne especificamente mediante a correspondente modificación orzamentaria, e os que se determinen na relación como consecuencia da incorporación de créditos para este exercicio económico.

**TERCEIRO.-** Delegar a competencia de autorización, disposición do gasto, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento no xerente que corresponden aos créditos orzamentarios dos Servizos Centrais (CC. 9845) e que non figuren incluídos nos parágrafos primeiro, segundo e cuarto desta resolución e, tamén, os de carácter non orzamentario.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Tamén xestionará os créditos que como consecuencia da execución orzamentaria (modificacións orzamentarias) se lle asigne, e os que resulten do trámite de incorporación de créditos a este exercicio.

Delégase, tamén, no xerente ordenar os pagamentos de todos os expedientes de gasto orzamentarios e non orzamentarios.

**CUARTO.-** Coa finalidade de facilitar a tramitación dos expedientes de gasto a imputar ás aplicacións orzamentarias 9845.422D.233.02 (prazas docentes) e 9845.422D.233.03 (teses de doutoramento) dende os distintos centros e posibilitar a súa tramitación polos distintos usuarios de SOROLLA, delégase a competencia da autorización do gasto, disposición do gasto, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento nos directores de centros de gasto (decanos de facultades, directores de escolas técnicas superiores, directores de escolas universitarias e directores de institutos universitarios).

Xunto con cada un dos documentos contables (ADOs) que formalicen os expedientes de gasto correspondentes ás prazas docentes e ás teses de doutoramento, achegarase a documentación xustificativa que lle corresponda individualmente, ben en orixinal ben en fotocopia para constancia e posterior arquivo da documentación contable.

**QUINTO.-** A respecto dos créditos que aparecen asignados especificamente no orzamento do exercicio do 2005 aos institutos universitarios (9880.9922, 9880.9924, 9880.9926, 9880.9927, 9880.9928, 9880.9929), centros de Investigación (9835.9903, 9835.9904) e servizos de investigación (9880.9910, 9880.9930), esta Reitoría delega a autorización do gasto, disposición do gasto, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento nos seus directores, para unha mellor xestión dos créditos orzamentarios.

Tamén xestionarán os créditos que como consecuencia da execución orzamentaria (modificacións orzamentarias) se lles asigne e os que resulten do trámite da incorporación de créditos a este exercicio.

**SEXTO.-** Encomendar á Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica e á Xerencia a realización de todos os trámites orzamentarios necesarios para facer executiva esta resolución.

**SÉTIMO.-** Aos efectos do disposto nas Bases de execución do orzamento do exercicio de 2005 e, coa finalidade de unificar a tramitación económico-administrativa sobre modificacións orzamentarias, dada a delegación do Consello de Goberno na Vicerreitoría



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

de Estratexia e Planificación Económica en materia de modificacións orzamentarias (base 9ª); esta Reitoría delega na Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica a determinación do crédito ao que se lle deberá imputar o pagamento das obrigas a que se refire a base 5ª.3, a autorización e aprobación dos expedientes de transferencias de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes ao mesmo ou a distintos centros de gasto, programas e/ou capítulos do estado de gastos (base 6ª.4), xeracións de crédito (base 11ª.4) e corrixir as carencias nas asignacións de créditos descentralizados (base 15ª.2).

A Coruña, 3 de xaneiro de 2005

O reitor

Asdo.: José María Barja Pérez

SR. VICERREITOR DE ESTRATEXIA E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA  
SR. XERENTE